



Modelo de Protocolo de adhesión ao Programa Retorna Cualifica Empleo

En Santiago de Compostela, asinado na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Bartolomé Pidal Diéguez, Presidente da Fundación Nortempo, con CIF G70009949 e con domicilio na Rúa Bolivia, 1, 1º Esquerda, 15004 A Coruña, en nome e representación da dita entidade.

Doutra parte, José Venancio Salcines Cristal, Presidente da Fundación Venancio Salcines, con CIF G70480231 e domicilio na rúa Salvador de Madariaga, nº 50-CP 15173 A Coruña, en nome e representación da dita entidade.

Doutra parte,....., actuando en nome e representación do Clúster.....

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. A Estratexia Galicia Retorna, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 15 de decembro de 2022, inclúe diferentes medidas destinadas, por un lado, a rexuenerar a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesamos a nosa comunidade, e, por outro, a facilitar o dereito das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia, a regresar a Galicia e poder desenvolver un proxecto de vida nesta comunidade.

Segundo. No marco da dita Estratexia está o programa Retorna Cualifica Emprego, dirixido a promover entre a poboación galega residente no exterior o seu traslado a Galicia coa finalidade de ter aquí unha oportunidade de traballo e que lle permita realizar o seu proxecto vital, facilitando para iso o apoio preciso a través de medidas de información, de formación-cualificación e de inserción laboral mediante unha oferta de traballo en Galicia.

Terceiro. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinou convenio de colaboración coa Fundación Nortempo e coa Fundación Venancio Salcines, cuxo obxecto é o desenvolvemento do programa Retorna Cualifica Emprego, a través dos tres eixos que o integran: eixo de divulgación e comunicación, eixo de formación e cualificación e eixo de contratación.

Cuarto. O Clúster.....é unha organización que aglutina a toda a cadea de valor do sector..... en Galicia e que ten como obxectivos, entre outros, fortalecer a estrutura das empresas que o integran, incrementar a innovación, o desenvolvemento profesional das persoas e a excelencia operativa para garantir a competitividade do sector, así como tamén a cooperación coas administracións e institucións.

Quinto. As partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións, establecer fórmulas colaboración no ámbito das accións de divulgación e comunicación dos obxectivos do programa Retorna Cualifica Emprego, coa finalidade de que as empresas coñezan a posibilidade de que as ofertas de emprego que non se cubren por falta de persoas candidatas no Servizo Público de Emprego de Galicia,

poidan ser cubertas a través de persoas galegas residentes no exterior que desexen retornar a Galicia para ocupar un posto de traballo.

En virtude do exposto e recoñecéndose as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar o presente protocolo de adhesión ao programa Retorna Cualifica Emprego, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A finalidade deste protocolo é a adhesión do Clúster.....ás accións de divulgación e comunicación do programa Retorna Cualifica Emprego entre todos os integrantes da cadea de valor do sector....., co obxectivo de que poidan ter información ao respecto das posibilidades que este programa lles pode ofrecer como vía para poder cubrir aquelas ofertas de emprego para as que no atopan persoas candidatas no Servizo Público de Emprego de Galicia, con persoas galegas residentes no exterior que teñan interese en retornar a Galicia para ocupar un posto de traballo.

Segunda. Funcións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

-Participar en xornadas, foros e actos de difusión e divulgación do programa Retorna Cualifica Emprego.

-Habilitar unha canle específica de referencia no Servizo Público de Emprego de Galicia á que poidan dirixirse ás empresas interesadas no programa Retorna Cualifica Emprego.

Terceira. Funcións da Fundación Nortempo e da Fundación Venancio Salcines

-Organizar e desenvolver, logo do coñecemento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de accións de divulgación e difusión do programa Retorna Cualifica Emprego.

-Recoller a información que lles faciliten as entidades que integran o Clúster, sobre ofertas de traballo susceptibles de ser incorporadas ao programa, cos requisitos establecidos no Convenio de colaboración asinado entre as Fundacións e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

-Facilitar, ás empresas que o demandan, información xeral e polo miúdo, ao respecto do programa.

Cuarta. Funcións do Clúster.....

-Difundir e divulgar entre os seus integrantes o programa Retorna Cualifica Emprego, mediante as súas redes de contacto e canles de comunicación.

-Achegar información á consellería e ás fundacións conveniadas, sobre empresas e sectores interesados poder cubrir ofertas de traballo que non atopan profesionais actualmente en Galicia, con poboación galega residente no exterior.

-Colaborar noutras actividades que poidan considerarse necesarias para o mellor coñecemento e difusión do programa Retorna Cualifica Emprego.

Quinta. Financiamento

A realización das accións deste protocolo de adhesión non supoñen obrigas económicas para as partes. Cada parte asinante asumirá cos seus propios recursos, o custo destas accións.

Pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade	Pola Fundación Nortempo	Pola Fundación Venancio Salcines	Polo Clúster.....
M ^a Jesús Lorenzana Somoza	Bartolomé Pidal Diéguez	J. Venancio Salcines Cristal